

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE OUTUBRO DE 2020

Ás 10:05 horas do día 19 de outubro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 14 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, lembra aos membros da Mesa que o 8 de setembro de 2020, en cumprimento do acordado na sesión do 2 de setembro, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con EULEN, S.A.

Durante o prazo concedido, o 11 de setembro de 2020, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 9 de outubro de 2020 o enxeñeiro industrial do Programa de análise, avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe da Área de Servizos Xerais emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen que *"non se pode entender xustificada a viabilidade económica da oferta en tanto que a mesma non da cumprimento ás obrigas en materia*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:05	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC4E-E6CB4H-3BED32-N3MZ8Y-N1M19C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de persoal mínimo esixido no prego de prescricións en materia de persoal e contravén a propia documentación técnica achegada polo licitador (programa de servizos)".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de EULEN, S.A. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Programa de análise, avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe da Área de Servizos Xerais o 9 de outubro de 2020 de valoración do sobre C "proposición avaliábel mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a EULEN, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte ao informe asinado polo enxeñeiro industrial do Programa de análise, avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe da Área de Servizos Xerais o 9 de outubro de 2020.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:05	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC4E-E6CB4H-3BED32-N3MZ8Y-N1M19C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación total
1	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U.	94,30

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. (A-80.241.789), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

